

GALIZAELECTRONICA.COM

presenta

Guía para Ableton Live 7

(Tutorial de iniciación)

GALIZAELECTRONICA.COM

PRIMEIRA PARTE

Farto de abrir o **Ableton** e non saber para que serve cada botón? Seguro que máis dunha vez o instalaches e te volviches tolo para dar os primeiros pasos. Instalar librerías, sintetizadores, cortar MIDIs... son cousas básicas para facer o teu primeiro tema.

Galizaelectronica quere axudarche e para iso deixámosche a primeira parte dunha guía para que os comezos da produción non sexan tan duros.

Instalación:


Para elaborar esta guía, tomamos como base o **Ableton 8** pola sinxela razón de que é a última versión dispoñíbel e os conceptos para este programa tamén servirán para versións anteriores.

Seguramente moitos de vos non o teñades ou simplemente non tivestes a posibilidade de probalo, non vos preocupedes porque en <http://www.ableton.com/downloads> poderedes descargar unha demo.

A instalación é coma a de calquera programa, seleccionamos a carpeta onde queremos instalalo e seguimos as instrucións que nos dan. É importante destacar que o Ableton crea unha carpeta propia, nesa carpeta teremos que meter os proxectos que teñamos en marcha porque en outro caso non o lerá.

Conceptos básicos:

Abrimos o programa e nos atopamos cunha vista xeral. Ableton funciona con dous tipos de vista, a **Arrangement e Session**. O Arrangement amosa os clips (fragmentos musical como unha melodía, línea de baixos ou percusión) no eixe temporal, é dicir, a vista para editar de todas as formas posibles os clips. A vista Session é unha base de lanzamento, dende Arrangement copiaremos os clips en Session para que soen no orde que nós lle demos. Para producir teremos que estar pasando continuamente dunha vista a outra así que recomendamos utilizar a tecla tabulador para aforrar tempo.



A esquerda do programa atopamos o **Navegador de arquivos**, ahí atoparemos as carpetas onde están os efectos para engadir ós temas, as carpetas onde instalaremos os sintes e as nosas librerías para sacar de ahí os sons que nos interesen.

Na vista Arrangement, en cada columna dos clips atopamos un módulo. Aí poderemos modificar o volume do clip, o balance (sons que van a esquerda e dereita), se queremos escoitar ese clip únicamente (S) e se queremos grabar algún efecto coordinado a man (xa o explicaremos mais adiante).


Gardar e exportar:

De momento con estes coñecementos non temos para facer un tema pero imos a explicar de antemán como gardalos e exportalos para un futuro.

Ó gravar o tema, Ableton tamén almacena toda a información dos clips, efectos, posicións, axustes...Nós aconsellamos gardar o proxecto coa opción **Recopilar todo y guardar** xa que así o programa fai unha especie de pack cos detalles que enumeramos antes.

Para exportar utilizaremos a opción **Exportar audio/video**, antes de facer isto vamos a asegurarnos de que non hai ningunha opción marcada na barra de arriba e logo seleccionaremos na vista Session a parte do tema que queremos gravar. Feito isto dámoslle a Exportar e sairá unha ventan cunha serie de opcións, asegúrate que gardas en **WAV** xa que éo formato mais común para este tipo de programas.

Ata aquí o primeiro número, con isto non podemos comezar a facer un tema pero son uns coñecementos básicos que hai que ter, Ableton é un programa complexo e nós só queremos intentar guiavos para que non vos atasquedes. Na segunda parte xa veremos como instalar librerías e sintes para que elaboredes os vosos primeiros sons.



SEGUNDA PARTE

Explicaremos como instalar librerías con sons e aplicacións para utilizar co **Ableton** como sintes ou masterizadores. Recordade que as explicacións son soamente unha guía para a xente que non sabe dar os primeiros pasos.

Imos comezar a facer os nosos propios sons, para iso existen varias opcións. Unha delas é sacalos dun sintetizador, é dicir, un software cuns presets (sons predefinidos) que podes modificalos ó teu antollo a partir dos diferentes botóns que traen. A outra opción son as librerías que non son máis que un pack de loops e sons (fx para facer subidas, claps para marcar ritmo, etc...).

Librerías:

Para saber que librería é a adecuada para nós, debemos aclarar que tipo de música queremos facer xa que un pack de dance vaise diferenciar por completo dun minimal por exemplo.

Aquí vos deixo unhas páxinas que vos poden axudar para descargar os vosos primeiros packs ou loops:

<http://www.freesound.org/packsViewSingle.php?id=156>

<http://www.looperman.com/>

<http://www.entropymusic.com/loops.htm>

<http://www.clickproduce.com/label/producer-pack-3126>

O primeiro que temos que facer ó descargar a librería é metela na carpeta especial que crea Ableton e logo aí dentro crear outra carpeta co nome que queirades para tela organizada e non mesturar arquivos de programa cas cousas que baixedes. Unha vez instalado abrimos Ableton, á esquerda na barra navegadora onde temos os efectos e as carpetas eliximos a carpeta co número 1 por exemplo. Aí buscamos onde está instalada a librería, seleccionámola, dámoslle ó botón dereito e axustámola como carpeta raíz para que sempre apareza aí.

Estando na vista de Arrangement seleccionamos o son que mais nos guste do pack que descargamos e pegámola na barra de Audio. Para o seguinte son facemos o mesmo, insertándoo nunha nova pista de Audio, así ata que mais ou menos quede algo que vos guste. Isto é un proceso complicado xa que teremos que estar pendentes de atopar os packs en Internet que conteñan os sons que queremos.

Sintetizadores:

Cos sintes imos crear nós os nosos propios sons (que é o bonito da produción). Son programas para crear un son a partir doustros sons que xa veñen no programa (presets).


Aquí vos deixo un par deles para que lle votedes un ollo e os descarguedes:

<http://www.linplug.com/>

<http://www.native-instruments.com/en/support/other-pages/demo-versions/>

A instalación dos sintes é máis complexa. Abrimos o arquivo de instalación, elixiremos instalalo na carpeta especial de Ableton, logo instalado abrimos dito programa e seleccionamos na barra do navegador a icona do enchufe. Fixámonos que nesa mesma ventana nos aparece Dispositivos plug-in e ó carón unha lupa, seleccionámola e Ableton xa busca automaticamente os sintes que instalamos.

Ás veces por algunha razón non aparecen, se pasa isto facemos o seguinte: Imos a opcións Orígenes de los plug-in, dámoslle a re-escanear. Se aínda así non aparece vemos se a opción Usar carpeta Plug-in VST está activada e se a carpeta é a adecuada, se non a é cambiámola na opción Buscar que aparece ó lado:



TERCEIRA PARTE

Efectos:

Para comezar a utilizar os efectos é importante que diferenciemos entre Audio e MIDI, para cada formato haberá uns efectos especiais que só se poderán colocar nun ou noutro. Na barra do navegador veredes que Ableton trae uns efectos por defecto que son os que utilizaremos. Imos engadir un efecto a un son, para iso seleccionamos o efecto que queremos e soltámolo na columna onde temos o son na vista Arrangement. Para elixir o efecto que queremos usar podemos investigar antes e probar cada un nunha pista, así familiarizámonos con eles. Os mais utilizados son: **Compressor** (modificar o son que sae ó exterior), **EQ Three** (ecualizar graves, medios e agudos), **Filter Delay** (rebote de sons) e **Reverb** (ecos que dan a sensación de que rebotan nas paredes).



Automatización e secuenciación:

Para isto imos cambiar a vista á Session e fixámonos nas frechas da dereita. Desplegámolos e vemos que todos os efectos que metemos están aí, seleccionamos un e vemos como se coloca unha liña rosa por debaixo do loop do son, iso é a envolvente, é dicir, podemos darlle o trazado que nos queiramos para que dentro do efecto que eliximos faga unha cousa ou outra. Na envolvente tamén podemos modificar se un efecto está activado ou non, para que só funcione nun tramo de tema. Para facelo de forma manual tamén temos a opción de grabar, seguimos na vista Arrangement e seleccionamos o loop que queremos modificar, abaixo saíran os efectos que temos postos. Para modificar calquer variante e que quede grabado dámoslle ó boton REC que hai enriba de todo ó lado de OVR, cando queiramos deixar de grabar simplemente lle damos outra vez e xa estaría listo. A utilización e secuenciación de sons é bastante complexa, todo é cuestión de comezar a probar combinacións e ter claro

